

MEMORIA DE EXECUCIÓN SOBRE OBXECTIVOS, **ACTIVIDADES E RESULTADOS ACADADOS.**

Decembro, 2005

1) RELACIÓN DE OBXECTIVOS QUE SE PERSEGUÍAN COA REALIZACIÓN DO PROXECTO DE COOPERACIÓN:

Obxectivo 1.- Diseñar un programa de microcréditos dirixido a dotar e habilitar de servicios de calidade ó turista.

Obxectivo 2.- Realización de cursos formativos para a adquisición de capacidades concretas no ámbito do turismo.

Obxectivo 3.- Creación dun centro polivalente para exposición dos recursos de Vilcabamba e difusión turística, e unha aula de formación para grupos.

Obxectivo 4.- Rematar a construción do camping no pobo de Huancacalle

Obxectivo 5.- Avaliar o impacto xerado polo traballo desenvolvido pola ONG Labañou Solidaria dende o ano 1999 que empezou a traballar en Perú, con propostas de re-orientación caso de ser necesario. Avaliar asímesmo, os impactos e grao de execución final, deste proxecto solicitado á Xunta de Galicia.

2) ANTECEDENTES:

- Una vez aprobado o proxecto de cooperación presentado á Xunta de Galicia, sufriu unha modificación debido á diferenza entre a axuda solicitada e a concedida, que obrigou a eliminar o Obxectivo nº 5 (Avaliación do impacto do proxecto da ONG Labañou Solidaria desde o ano 1999). A parte de axuda pública concedida para realizar este obxectivo, foi destinada ás obras do Centro polivalente de exposición de recursos e aula de formación, así como ás obras de construción do camping. Esta modificación foi autorizada pola Xunta de Galicia.
- A sinatura dun Convenio de Colaboración entre a Dirección Regional de Turismo de Cusco, a ONG Labañou Solidaria, a nosa contraparte local (Grupo Generador del Avance Destrital de Vilcabamba (GGAD-V), e a Municipalidade distrital de Vilcabamba, permitiu que desde a Dirección Regional se impartisen durante a segunda metade do ano 2005 parte dos cursos de formación que estaba previsto impartir por persoal desplazado, concretamente o “Curso de guías locais”, e o “Curso de primeiros auxilios para arrieros”. Así mesmo, realizouse por parte da Dirección Regional un Curso de trato ao cliente de 20 horas, o que permitiu facer unha segunda parte deste curso por parte do persoal cooperante expatriado.

NA TÁBOA SEGUINTE SE RECOLLE O GRADO DE EXECUCIÓN PARA CADA UN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

	DESCRIPCIÓN	ACTIVIDADES PREVISTAS E RESULTADOS ESPERADOS	GRADO EXECUCIÓN	OBSERVACIÓNS
OBX. 1	-Deseñar programa microcréditos	-Organizar o método de selección de proxecto	25 %	<p>-Se teñen mantido contactos con outras ONGs peruanas que traballan os microcréditos no distrito de Vilcabamba (Arariwa), e se ten chegado a un principio de acordo para a posible organización e xestión dun programa de microcréditos no ano 2006</p> <p>-Se ten traballado conxuntamente co Programa de desenvolvemento do F.I.D.A. (Corredor Puno-Cusco), para canalizar inicialmente os proxectos empresariais detectados en Vilcabamba, e recibier capacitación empresarial específica.</p> <p>-Non pareceu oportuno socializar o futuro programa de microcréditos para o ano 2006, polo que non se coñecen en profundidade as actitudes fronte a isto.</p> <p>-Se teñen detectado 7 iniciativas empresariais e o técnico contratado en campo pola ONG Labañou Solidaria realizará visitas de animación para coñecer iniciativas semellantes e asesoramento</p>
		-Deseñar o modelo de xestión dos microcréditos	50 %	
		-Elaborar traballo de campo para ver necesidades. Detectar iniciativas empresarias susceptibles de recibir microcréditos	100 %	
		-Coñecer actitudes e aptitudes da poboación	25 %	
		-Consensuar coa poboación as liñas maestras	50 %	
		-Asinar convenio coa D.R.Turismo de Cusco	100 %	

OBX. 2	Impartición 11 cursos	-Impartir 1 cursos de primeiros auxilios	Sí	Aos membros da Asociación de arrieros "Los Chaskis". Entrega de botiquines
		-4 cursos de cociña	Sí	En Huancacalle, Lucma e Oyara. Primeira parte (4 horas) de cociña, e segunda parte (3 horas), de manipulación e hixiene cos alimentos
		-1 curso guías locais	Sí	por parte da Dirección Reg. Turismo de Cusco (según Convenio)
		-2 cursos trato ó turista	Sí	Sí, en Huancacalle, Lucma e Oyara
		-1 curso manipulación alimentos	Sí	Sí, conxuntamente co de cociña
		-1 curso organización traballo nos aloxamentos	Sí	Sí, conxuntamente co de trato ó turista
		-1 curso manexo e xestión camping	Sí	Impartido ás persoas que levarán o camping (Asociación artesananas "Las Koyas")
		-1 curso capacitación de líderes	Sí	Impartidos 2 cursos de 4 horas, a todas as organizacións pertencentes a nosa contraparte local (Reunións co GGAD-V).

<p>OBX. 3</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Creación centro exposición recursos -Creación aula formación 	<ul style="list-style-type: none"> -Adaptación edificio para Centro de exposición de recursos turísticos con información. -Habilitar zona de exposición de artesanías -Disposición dun técnico para xestionar o Centro -Habilitar Aula de formación 	<p>Obxectivo executado nun 100% según estaba previsto</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Tense realizado a adecuación completa do edificio: Centro de exposicións e Aula de formación. -Habilitada zona exposición artesanías. -Habilitada cun panel onde se recollen os recursos turísticos. -Tense adquirido o mobiliario necesario. -Tense realizado a inauguración o día do aniversario de Vilcabamba, asistindo o alcalde e demais institucións. -Tense contratado un técnico para atender o Centro e dinamizar. -A Aula de formación poderá ser utilizado pola Dirección Reg. de Turismo de Cusco para impartir cursos, según convenio asinado.
----------------------	--	---	---	---

OBX. 4	-Construcción camping	<ul style="list-style-type: none"> -Construcción edificio de servicios do camping (almacén, cociña, aseos). -Dotación de mobiliario. -Organización do modelo de xestión. 	Obxectivo executado nun 100% según estaba previsto	<ul style="list-style-type: none"> - Tense ampliado a edificación para dispoñer dun refugio con 6 literas, según proposta da poboación local. - Realizouse un taller coa poboación local para organizar o modelo de xestión, que correrá a cargo da Asociación de artesáns “Las Koyas de Huancacalle”. - O camping disporá dun punto de venda de artesanías. - Tense impartido curso de xestión de camping ás persoas que van a xestionalo. - Tense realizado a construción do saneamento básico. Instalación eléctrica e auga. - Asinado convenio de colaboración coa municipalidade para que constrúan un mirador-merendeiro. - Tense inaugurado en novembro de 2005
OBX. 5	-Avaliación impactos proxecto Labañou-Vilcabamba (1999-2005)	Avaliación dos impactos do proxecto desde o ano 1999. Avaliación proxecto do ano 2005. Propostas de reformulación de obxectivos.	REPROGRAMADO	Autorizado Xunta de Galicia